

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE XULLO DE 2020

Ás 10:00 horas do día 9 de xullo de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de xullo (orde do día ampliada o 8 de xullo), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 7 e 11c)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos (asiste ao punto 11b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con es.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 1 de xullo de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*", así como o informe complementario de data 9 de xullo de 2020. Ambos informes son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícanse ambos informes no perfil de contratante.



6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo da parte fixa do contrato	Redución prezo unitario hora (10,26 €/h sen IVE) da bolsa de horas para a ampliación do horario da Aula de Lectura ou outros servizos de conserxería no centro a utilizar segundo necesidades
1	AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES, S.L.	61.173,08	9,42
2	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	67.649,63	12,28
3	COMBINA SOCIAL, S.L.	74.023,66	11,92
4	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	76.835,00	12,32
5	EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.	73.382,50	11,60
6	GRUPO SIFU GALICIA, S.L.	75.651,84	12,09
7	INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVICIOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.	70.106,93	12,11
8	OSGA, S.L.	74.433,08	13,31
9	PRINTES SECURITY ADVICE, S.L.	77.240,59	12,38
10	SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.	72.013,89	11,54
11	SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L.	70.886,64	11,55

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura: D. Rubén Cela Díaz, en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.; D. Pedro Luis Alvarez Caballero con DNI **.36.42*, en representación de AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES, S.L.; D^a. Raquel Rodríguez Rodríguez, con DNI **.83.24**, en representación de EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.; e D^a. María de los Ángeles Rosal Rey con DNI **.30.40*, en representación de COMBINA SOCIAL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 2 de xullo de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- ORECO, S.A.U.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DEPENDENTES**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 14 de febreiro de 2020.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 4 de marzo de 2020.

4º.- Autorizar o gasto:

- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 80.813,66 euros
- IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 14.025,51 euros
- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 66.788,15 euros
- ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2020: 26.937,89 euros.

Ano 2021: 40.406,83 euros.

Ano 2022: 13.468,94 euros.

Aplicacións orzamentarias: 3360.2279900 Coordinación e divulgación pat. arqueolóxico e 3360.2269902 Outras actividades

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	96,50
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	55,93

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 22 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida 1 de xullo, dentro do prazo concedido.

Consta no expediente informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico de data 9 de xullo de 2020 en relación coa solvencia técnica de VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor e co informe de valoración dos criterios avaliábeis a través de fórmula de datas 8 e 12 de xuño de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/04/2024 20:47

Páxina 5 de 13

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

seguinte acordo:

"Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 76.230,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.230,04 euros.*
- 2. Propón 50 horas anuais a maiores do mínimo esixido na cláusula IV do PPT (1.500 horas anuais para O Castro e CIMR e Vila Romana de Toralla e 40 horas anuais para Villa Solita) de apertura dos tres equipamentos, fóra do horario habitual, e sen custo para o Concello.*
- 3. Comprométese a deseñar, realizar e valorar estudos de público usuario dos equipamentos de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I - FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación dáse conta do informe emitido pola xefa da Área de Recursos Humanos de data 6 de xullo de 2020, coa conformidade coa concelleira delegada, relativo á comprobación da acreditación dos criterios avaliábeis mediante fórmula segundo o esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación simplificada de servizos de consultoría e asistencia especializada para a realización de estudo de análise e valoración de postos de traballo na policía local (expediente administrativo nº 34.078/220) cun orzamento base de licitación de 16.171,65 euros (dos que 13.365,00 euros correspondían ao prezo base e 2.806,65 ao IVE) para toda a duración do contrato.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 29/01/2020 (trámite 224 do expediente).

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de 16.171,65 euros (dos que 13.365,00 euros correspondían ao prezo base e 2.806,65 ao IVE) para toda a duración do contrato.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 92012270600-"Estudios e traballos técnicos da Área de RRHH e Formación" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L. (B-07.207.160), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKJM8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L., o día 22 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida o 1 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L., de conformidade co informe de valoración dos criterios de xuízo de valor de data 12 de xuño de 2020 e do informe de ampliación do 17 de xuño e do acordo da Mesa de Contratación de data 18 de xuño polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Adxudicar a RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L. (B-07.207.160) o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220) coas seguintes condicións:

1. O prezo total do contrato é de 14.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.520,00 euros.
2. Acredita que os medios persoais á adscribir á execución do contrato teñen formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Formación universitaria especializada:

- a) Técnico 1: si
- b) Técnico 2: si

- Formación non universitaria especializada de ata 50 h:

- a) Técnico 1: si
- b) Técnico 2: si

- Formación non universitaria especializada de ata 100 h:

- a) Técnico 1: si

- Formación non universitaria especializada superior a 100 h:

- a) Técnico 1: si

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 10.01.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28.01.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (400.868,16 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 69.572,16 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4/OT6).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	128,500.00 €
2021	272,368.16 €
TOTAL	400,868.16 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 211,96%.





Sexto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de xuño de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento ao ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (360-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE G.O.C., S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	95,20
2	UTE INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L.	91,83
3	PROYFE-ZUBÍA UTE	86,88
4	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	86,36
5	UTE GALAICONTROL, S.L.-GPO INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.U.	86,08
6	UTE AQUATICA-INGENIA	84,05
7	GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.	82,00
8	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	78,35
9	UTE NOEGA, S.L. - TEMHA, S.L.	73,12
10	DIAGRAMA INGENIERIA GALICIA, S.L.	56,80

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o día 22 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida nas datas 6 e 7 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 25 de maio e 11 de xuño de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión deste procedemento de ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 308.394,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 53.523,08 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto o 26 de xuño de 2020 por D. Xosé Lois Román Rodríguez contra os pregos que rexen esta contratación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 2 de xullo de 2020.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas, logo dun receso de 20 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 20:47	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4C-C9B735-BD36ED-USKMJ8-H24XKB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		